<ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves,</li> </ul>

## Contidos

- sinxelos e contextualizados.
- Convencións ortográficas elementais.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

-Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma snappet, libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repazos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estra

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online.
2-Historias e contos publicados na rede.
3-Xogos de mesa.
4-Xogos físicos.
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11-Videos.
12-Rimas e cancións.
13-Actividades DUA.

Materiais e recursos que utilizamo no nivel de 2ª :

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>  
<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>  
<https://www.funenglishgames.com/>

Types of games:

-Memory.

-Drag it.

-Teacher (your name) says .

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"Winnie the witch" [https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF\\_Ks](https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks)

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

\* adiviñar a tarxeta;

\* memory game;

\* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

-Crazy Chefs

-Pictionary

-What is the time, Mr Wolf?

-Spotty dogs.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola
- + snappet

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítenos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"Hello, Goodbye"

"Count to one hundred"



Rimas:

"See you later, alligator!"

"Diddle,diddle dumpling my brother John"

"Humpty Dumpty

"Star light, star bright"

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14. snappet

¿ Libros da biblioteca de aula: libros de texto, caderno do alumno/a, diccionario¿

¿ Fichas elaboradas polo/a mestre/a.

¿ Fichas sacadas de libros de texto ou doutros libros.

¿ Fichas sacadas de diversos materiais didácticos.

¿ Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.

¿ Láminas, cards¿

¿ Cadea musical.

¿ Encerado dixital.

¿ Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital.

- ¿ CDs audio, CD-ROMs de recursos didácticos, DVDs, webs 2.0.
- ¿ Materiais complementarios.
- ¿ Aula Virtual
- ¿ Web dinámica CEP Sequelo
- ¿ E-mail
- ¿ Vídeos de: Youtube, ESL games¿
- ¿ Lecturas: Lyrics training, Wordcloud, Storyline Online¿
- ¿ Cuestionarios: Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet
- ¿ Webs con xogos/fichas interactivos: British Council¿
- ¿ Webs/blogs específicos de Inglés.
- ¿ Class tools, Genialy, Educandy

reading corner: diferentes tipos de libros en Inglés adecuados a nuestros alumnos.....

training corner: flashcards, pictures, worksheets,, different games...

ICT corner .

Dramar corner

Tarxetas, parchís, ladder and snakes, memory cards...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso podense recoller evidencias tales coma interacción en parella ou en gran grupo .

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos .

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	20	10	20	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación :

Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe.

Cráterios de Avaliación.-

Son puntos de referencia para valorar a consecución de obxetivos e a adquisición de competencias básicas. Presentan enunciados e descrições xerais dobre o tipo e grao de aprendizaxes que se agarda que alcancen os alumnos. O nivel de logro alcanzado pode expresarse de forma descriptiva, cualitativa ou cuantificativa.

Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e achegarse a xente doutras culturas con xeitos de vida diferentes da propia e descubrir algúns aspectos comúns.

Avaliar o interese en participar, a actitude positiva cara a nova lingua e o interese por descubrir semellanzas coa propia e tamén se valorará o esforzo para empregar a nova lingua.

Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe da nova lingua mostrando interese por imitar, escoitar e reproducir rimas, cancións, respostas, seguir as historietas do libro escoitando polo reproductor .

Comprobar a aceptación da nova lingua e a valoración dela como vehículo de comunicación.

Comprender mensaxes verbais significativas contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos (xestos, debuxos, tarxetas, recursos multimedia)

Avalíase a capacidade de captar ideas ou mensaxes

Imitar sons, repetir produccións orais de uso diario na aula e memorizar fórmulas de saúdo, despedidas, pedir algo, participación na aula, cancións, xogos.

Trátase de valorar o grao de adquisición dos aspectos fonéticos, de ritmo, pronuncia e entoación axeitados.

Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á súa competencia lingüística.

Avalíase a capacidade de extraer información global e específica.

Amosar curiosidade e interese sobre a cultura que se está a estudar para expor na aula, para algún traballo específico individual ou en grupo.

Valórase o esforzo , a curiosidade e o compartir estes aspectos co resto da aula

Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados na aula respectando as normas básicas de intercambio: agardar o turno de palabra, escoitar, mirar a quen fala, interesarse polas súas opinións, non rirse dos demais.

Preténdese comprobar se o alumno é quen de comunicarse en situacións habituais sobre temas coñecidos como datos persoais, a súa familia, os amigos, o tempo atmosférico, as roupas, os animais e as partes do corpo, os seus hobbies, gustos e preferencias, deportes, contos e as diferentes unidades do libro de texto.

Empregar algunhas estratexias para aprender a aprender: facer preguntas, pedir aclaracións, utilizar dicionarios, buscar e recompilar información, utilizar as TIC.

Valorar os propios progresos e identificar recursos didácticos que axudan a aprender mellor.

Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferencias coa nosa realidade.

Trátase de ir avanzando a unha conciencia intercultural a partires da propia realidade.

#### INSTRUMENTOS E TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

Observación directa por parte do profesor da participación no desenrolo das clases e nas actividades a realizar na sala de ordenadores.

Observación das tarefas realizadas na aula ou nas fichas complementarias de cada unidade ou traballo individual.

Chequear a presentación das libretas e follas de exercicios comprobando a orde, se correxiu ou non, a limpeza, o que queda por facer.

Valorar o interese e esforzo realizado, a súa actitude cara a asignatura e ós compañeiros.

Observación directa no snappet do traballo que está a realizar, das dificultades que atopa e do progresivo aumento dos coñecementos informáticos e o seu dominio de cara a adquirir técnicas de autoaprendizaxe.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificación cuantitativa:

as 4 habilidades: listening, speaking, reading and writing , dando mas peso a las habilidades orales (listening a nd speaking) que a las escritas(basic reading and writing).

Cualificación cualitativa:

Observación directa do traballo oral e escrito(tanto oral como escrito)

20 % lectura e escritura de vocabulario e construcción básicas, fichas simples y resultados en snappet

40% actitude e participación

40 %oral and listening.: rutinas, hacer preguntas basicas o relacionada co tema e responderlas, participación.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

o alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible .  
Apoios e reforzos educativos se fosen necesarios.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

#### **\* Fast finisher activities:**

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

#### **\* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:**

- Inluilos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

#### **\* Nenos e nenas con trastornos de conduta:**

- Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.		X					
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X				X		
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.							X

#### Observacións:

Nesta programación só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

tamen se traballará o tema transversal escollido polo centro que quero ser?

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X
Visitas al centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores..	X		
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa Le	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

### Observacións:

Aproveitamos o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL..

### Descrición:

valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Neste apartado cada mestre decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación Proens.

## **9. Outros apartados**